



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

ACTA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE FISTERRA O DIA 6/10/2022, EN PRIMEIRA CONVOCATORIA.

ASISTENTES

PRESIDENTE

MARCOTE, SUAREZ, José (PSOE)

CONCELLEIROS

VILELA ROMERO, Soledad (PSOE)
DOMINGUEZ LADO, Alexandre (PSOE)
MARIÑO LOPEZ, María. Rocío (PSOE)

SAR OLIVEIRA, Xan Carlos (BNG)
FERNANDEZ MARTINEZ, Teresa (BNG)

TRABA FERNANDEZ, José Manuel (PP)
INSUA ESMORIS-RECAMAN, Santiago (PP)
BENLLOCH RIVAS, Daniel Juan (PP)
SUAREZ SILVA, Jenifer (PP)
CASTREGE FERNANDEZ, Leonor (PP)

SECRETARIO - ACIDENTAL

CARRIL PEREZ, Juan Carlos

Na vila e termo municipal de Fisterra, ás 20:00 horas, do día 6/10/2022, reúnen no salón de sesións da casa do concello, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, José Marcote Suárez, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebraren a sesión ordinaria, en primeira convocatoria, do Pleno da Corporación.

Tendo en conta que segundo o establecido no artigo 90 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, para a válida constitución do Pleno, requírese a asistencia dun tercio do número legal de membros da corporación, que nunca poderá ser inferior a tres. Este quorum deberá manterse durante toda a sesión. En todo caso, requírese a asistencia do Presidente e do Secretario da corporación ou de aqueles que legalmente os substitúan.

Comprobado pola Secretaria – Intervención accidental, que os reunidos constitúen quórum suficiente para a válida celebración do acto segundo as disposicións vixentes, o Sr. Alcalde – Presidente declara aberta a sesión, e todo iso aos fins de deliberar e resolver sobre o contido da seguinte

ORDE DO DÍA

- 1º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.
- 2º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INCREMENTO DO IMPORTE CONSIGNADO NA PARTIDA ORZAMENTARIA CORRESPONDENTE Á PRODUTIVIDADE.
- 3º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2021.
- 4º) MOCIONS DE GRUPOS POLITICOS
- 5º) RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDIA PARA COÑECEMENTO.
- 6º) ROGOS E PREGUNTAS.

Antes de comezar a tratar os puntos que compoñen a orde do día intervéñen o Alcalde-Presidente, Sr. José Marcote Suárez, manifestando que hai un erro na documentación da orde do día enviada, concretamente no punto de Mocións de grupos políticos. Coa



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

documentación, enviáronse 3 mocións cando realmente tiñan que enviarse 2 mocións, xa que a terceira eu non a vin.

Como ben sabedes a competencia para convocar as sesións e incluír a documentación na orde do día é competencia do Alcalde, e cando fixen a convocatoria non vin a terceira moción, polo que non se pode incluír neste punto a moción do grupo BNG relativa ao escrito da Plataforma Pediatras e Matronas Xa. Pero como non é urxente, pode incluírse na orde do día do vindeiro pleno, xa que a Iniciativa Lexislativa Popular non require da aprobación desta moción no pleno de hoxe.

Intervén o Secretario Accidental, manifestando que ao estar presentándose a moción ao mesmo tempo que se estaba a confeccionar a convocatoria, é posible que non lle pasara ao Sr. Alcalde o escrito en cuestión.

De todas formas, se o grupo BNG considera que se debe tratar este punto no pleno de hoxe, pode propoñela antes do punto de rogos e preguntas, e se se ratifica a urxencia polo pleno da corporación, poderíase tratar este punto.

Acto seguido, comézanse a tratar os puntos que compoñen a orde do día.

1º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente preguntando se algún membro da Corporación, quere formular algunha observación, ao contido da acta do Pleno da Corporación de 28/09/2022, distribuída coa convocatoria.

Ao non facer uso da palabra ningún concelleiro, seguidamente, o Sr. Alcalde-Presidente somete á votación a proposta de aprobación da acta da sesión extraordinaria do Pleno da Corporación de 28/09/2022, sendo aprobada por dez votos a favor (5 PP, 3 PSdG, 2 BNG) e unha (1) abstención da concelleira do grupo popular Jenifer Suárez Silva, por non ter asistido á mesma.

2º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INCREMENTO DO IMPORTE CONSIGNADO NA PARTIDA ORZAMENTARIA CORRESPONDENTE Á PRODUTIVIDADE.

Tendo en conta que do artigo 5 do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de administración local, desprendese que lle corresponde ao Pleno da Corporación determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos empregados públicos, e ao Alcalde - Presidente da Corporación a distribución da devandita contía entre os diferentes programas ou areas e a súa asignación individual.

Considerando que desde o día 4/05/2021, o posto de secretaría - intervención estivo vacante.

Considerando que por resolución de 20/05/2022 da Dirección Xeral de Función Pública, pola que se resolveu o concurso unitario de provisión de postos de traballo



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional (BOE núm. 121 do 21/05/2022) adjudicóuselle a Marcos Vázquez Campaña o posto de secretaria – intervención deste concello.

Considerando que o secretario – interventor tomou posesión do seu posto o día 1/06/2022, e ese mesmo día a Dirección Xeral de Admon. Local outórgalle a Marcos Vázquez Campaña unha comisión de servizos para desempeñar o posto de intervención no Concello de Bueu, por un prazo máximo de un ano, prorrogable por outro.

Considerando que con data 2/06/2022 o secretario – interventor asina acta de cese polo pase a situación de comisión de servizos no concello de Bueu, a secretaría intervención deste concello volve estar vacante.

Resultando que, mediante resolución da Dirección Xeral de Admon Local de 3/06/2022, outorgase a Juan Carlos Carril Pérez o nomeamento accidental para o desempeño das funcións de Secretaría - Intervención no Concello de Fisterra, desde o 3/06/2022 e ata a reincorporación do seu titular ou ata a súa cobertura por calquera das modalidades de provisión temporal previstas no Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Considerando que na Táboa que de seguido se indica, móstranse os emolumentos que corresponden ao posto de secretaría – intervención que están orzamentados e non se consumen:

		EMOLUMENTOS NON CONSUMIDOS		
SECRETARIA	MENSUAL	SETEMBRO	OUTUBRO	TOTAL
SOLDO	1.214,39 €	1.214,39 €	1.214,39 €	2.428,78 €
ANTIG	233,70	233,70 €	233,70 €	467,40 €
C.D.	951,46	383,19 €	383,19 €	766,38 €
C.E.	1.912,05 €	552,38 €	552,38 €	1.104,76 €
TOTAL	4.311,60 €	2.383,66 €	2.383,66 €	4.767,32 €

Así as cousas, e tendo en conta que a vacante no posto de secretaría – intervención incrementa a carga de traballo que soportan certos empregados públicos desta corporación, para que esta vacante non repercuta negativamente nos servizos que presta este concello, Tráese ao Pleno da corporación a proposta de incrementar a partida orzamentaria 920/150.00 de produtividade na contía de catro mil setecentos sesenta e sete euros con trinta e dous céntimos (4.767,32 €).

O Pleno da Corporación por seis (6) votos a favor (4 PSOE e 2 BNG) e cinco (5) abstencións do grupo Popular, adopta o seguinte acordo:

1º) Incrementar a partida orzamentaria 920/150.00 de produtividade na contía de **catro mil setecentos sesenta e sete euros e trinta e dous céntimos** (4.767,32 €), coa correspondente transferencia de crédito entre aplicacións da mesma área de gasto ou que afecten baixas e altas de créditos de persoal.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Esta modificación de crédito vaise financiar con cargo aos emolumentos do posto de secretaría – intervención non consumidos durante os meses de setembro e outubro de 2022.

3º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2021.

Vista a Conta Xeral do exercicio 2021, xunto con toda a súa documentación anexa, segundo a lexislación vixente.

Considerando que o Interventor Accidental procedeu á formación da Conta Xeral desta Corporación correspondente ao exercicio económico 2021, con toda a súa documentación anexa.

Considerando finalizados os devanditos traballos e obtida a documentación correspondente, a Intervención-Accidental emitiu informe de data 11/07/2022 en relación coa Conta Xeral.

Considerando que a Comisión Especial de Contas, na reunión de 13/07/2022, informou favorablemente a Conta Xeral do exercicio do ano 2021, para a súa exposición pública e posterior aprobación, de conformidade co previsto no artigo 212 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

Considerando que mediante anuncio publicado no BOP número 137 de 20/07/2022, a Conta Xeral, xunto co informe da devandita comisión- foron obxecto de exposición pública durante o prazo de quince días, durante os cales e oito días mais, os interesados puideron presentar reclamacións, reparos ou observacións.

Considerando, que durante o prazo de exposición pública establecido pola citada lei, presentáronse no Rexistro Xeral de Entrada de Documentos da Corporación as reclamacións, reparos e observacións á Conta Xeral da Corporación relativa ao exercicio de 2021 e ao informe emitido pola Comisión Especial de Contas, por parte das persoas que de seguido se indican:

“2022/999/00000693 (Rexistro de Entrada Telemático de 23/08/2022
José Ramón Lema Fuentes”

Considerando que o contido das alegacións formuladas por José Ramón Lema Fuentes están fundamentadas en que:

- a) Falta de documentación entre a documentación publicada no portal de transparencia.
- b) Presuntas irregularidades no expediente de depuración de saldos orzamentarios de exercicios pechados para a súa Baixa na contabilidade publica local.
- c) Improcedencia de asentos contables dentro do estado de ingresos en relación coa partida 30200 de recollida de lixo.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

d) Os expedientes de Modificacións Orzamentarias tramitados durante o ano 2021, non se axustaron á legalidade ao non ter sido resoltas mediante acordo plenario as reclamacións interpostas polo reclamante”.

Visto o ditame final favorable emitido pola Comisión Especial de Contas na sesión que celebrou o pasado 15/09/2022, e os documentos que a xustifican que constan no expediente, o Pleno da Corporación, por cinco (6) votos a favor (4 PSOE e 2 BNG) e cinco (5) abstencións do grupo Popular, acorda:

1º) Aprobar a Conta Xeral do Orzamento referido ao exercicio de 2021, presentada segundo dispón a Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local, e que consta dos seguintes documentos:

- Balance
- Conta do Resultado económico – patrimonial
- Estado de cambios no patrimonio neto
- Estado de fluxos de efectivo
- Estado de liquidación do orzamento
- Memoria

Así mesmo, tal e como se expón no informe emitido a tal efecto, a liquidación do orzamento correspondente ao exercicio 2020, ofrece o seguinte resultado:

ESTADO DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

A liquidación do orzamento correspondente ao exercicio de 2021, ofrece o seguinte resultado:

ESTDO DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

Dereitos Recoñecidos Netos	3.812.479,73 €
Obrigas Recoñecidas Netas	3.484.389,08 €
Resultado Orzamentario	328.090,65 €
Créditos gastados financiados con remanente de tesourería para gastos xerais	223.110,70 €
Desviacións de financiamento negativas	36.312,65 €
Desviacións de financiamento positivas	31.270,46 €
Total Axustes	228.152,89 €
Resultado Orzamentario Axustado	556.243,54 €

ESTADO DEMOSTRATIVO DE ORZAMENTOS PECHADOS

A 31 de decembro de 2021, de orzamentos pechados, queda un total de:

- Dezaoito mil cento cincuenta euros e oito céntimos (18.150,08 €) en concepto de obrigas pendentes de pago.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

- Catrocentos catorce mil novecentos corenta e catro euros e catorce céntimos (414.944,14 €) en concepto de dereitos pendentes de cobro.

ESTADO DOS COMPROMISOS DE GASTO CON CARGO A EJERCICIOS FUTUROS

Non existen compromisos de gasto adquiridos con cargo a exercicios futuros.

ESTADO DE TESOURERIA

Da acta de arqueo desprendese que:

- As existencias anteriores ao período de 2021 acadaban a contía de un millón cincocentos dous mil setecentos corenta e un euros e sesenta e nove céntimos (1.502.741,69 €)

- Os ingresos do exercicio de 2021 tanto orzamentarios como non orzamentarios importan a contía de cinco millóns douscentos cincuenta e oito mil catrocentos catro euro se vinte e dous céntimos (5.258.404,22 €).

- Os pagos do exercicio de 2021 tanto por operacións orzamentarias como non orzamentarias importan a contía de catro millóns novecentos catorce mil seiscentos sesenta e seis euros e oitenta e nove céntimos (4.914.666,89 €).

- A situación de existencias de tesourería a final do período de 2021, ascende á cantidade de un millón oitocentos corenta e seis mil catrocentos setenta e nove euros e dous céntimos (1.846.479,02 €).

ESTADO DE DÉBEDA PÚBLICA

Reflexa as operacións de creación, amortización, pago, extinción, conversión e canxe de capitais, así como as de recoñecemento, pago, extinción dos intereses devengados. Polo que non existe ningunha nesta Corporación.

2º) Rexeitar as reclamacións, reparos e observacións presentadas, en base a que o expediente da Conta Xeral axústase na súa elaboración e aprobación aos trámites legais. Notificar este acordo ao interesado.

3º) Remitir a Conta Xeral xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas e ao órgano autonómico que corresponda, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda.

4º) MOCIONS DE GRUPOS POLITICOS



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Intervén o Sr. José Manuel Traba Fernández, voceiro do grupo Popular manifestando que en relación coa moción da pesca, nós tiñamos idea de facer unha moción conxunta, polo que propoño deixar o asunto sobre a Mesa porque hoxe houbo modificacións e pasaron a metade de zonas.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente, José Marcote Suárez, manifestando que eu iba a propoñer o mesmo, sobre todo porque a día de hoxe non ten sentido tratala, xa que pasaron a metade de zonas e o goberno vai presentar un recurso, polo que considero que se queremos mostrar máis forza deberíamos presentar unha moción conxunta.

Intervén o voceiro do grupo BNG, Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, manifestando que o BNG vai seguir adiante coa súa moción.

4.1) MOCIÓN EN DEFENSA DA FROTA PESQUEIRA GALEGA FRONTE AO NOVO REGULAMENTO IMPOSTO POLA COMISIÓN EUROPEA

“Exposición de motivos.

A Comisión Europea vén de impoñer un novo regulamento que se traduce no feche para a pesca nun total de 87 zonas do Atlántico nororiental, o que afecta a unha superficie superior a 16.000 quilómetros cadrados e que terá consecuencias negativas para os buques equipados con artes de fondo como redes de arrastre de fondo, dragas, palangre de fondo entre outros. Unha medida que entrará en vigor en poucos días e que suporá a expulsión da frota galega de fondo podendo reducir até nun 75% as súas capturas.

Este regulamento, imposto desde a Comisión Europea (CE) sen un contraste e interlocución efectiva co propio sector, é un novo golpe que se engade ás limitacións de TACs e cotas de pesca, ao impacto derivado do Brexit, ou á aplicación das medidas de conservación e dun regulamento técnico e d control, que viñeron a limitar e dificultar a faena da frota galega.

Estamos diante dun acordo da CE que non contou co apoio unánime do Consello nin coa aprobación do Parlamento europeo, que se tomou residenciándoo nuns informes científicos e técnicos insuficientes e refutábeis, por parciais e desactualizados, sen diálogo e busca de alternativas co sector, sen unha avaliación socioeconómica sobre o seu impacto e cunhas consecuencias que poden ser estarecedoras, e que non pode ser aceptado baixo ningún concepto tendo en conta que Galiza somos unha das primeiras potencias pesqueiras de Europa. As consecuencias desta decisión que para alén do seu impacto brutal en termos produtivos e de emprego, suporán tamén agudizar a cada vez maior dependencia da importación de peixe e un previsíbel aumento dos prezos dificultado o acceso ao peixe aos segmentos sociais de menores ingresos.

A efectivización deste regulamento arbitrario e inxusto suporá un golpe en toda a regra á nosa frota afectando a varios centos de barcos galegos e ameazando millares de postos de traballo. Punto por unto cúmprense os peores agoiros do sector que, malia a estar sometido a unha estrita regulación e control e a non ter permitido xa pescar en todos os lugares onde existen ecosistemas vulnerábeis, vén de comprobar como os seus esforzos non só non son recoñecidos se non que son desprezados e demonizados.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Nos últimos meses, o sector pesqueiro de artes de fondo levou a cabo innumerábeis actuacións para tratar de contrarrestar e combater unha decisión que se adopta agora mais que xa vén de lonxe.

Tamén o Parlamento galego debateu ata en tres ocasións, e aprobou dúas veces por unanimidade iniciativas de rexeitamento e medidas a levar a cabo para tratar de evitar a prohibición das artes de fondo por parte da UE.

A propia Xunta de Galiza, anunciou publicamente a realización de distintos informes que avaliarían o impacto da prohibición das artes de fondo no noso sector pesqueiro e na economía do país.

Nunha resposta do 25 de agosto ás preguntas do BNG no Parlamento Galego, a Xunta confirma a elaboración deses informes e a súa entrega en Bruxelas, así como o “establecemento de alianzas con aquelas rexións pesqueiras europeas que se verían afectadas polas restricións”.

Por parte do Goberno español descoñécese as actuacións concretas desenvolvidas no marco da rolda de consultas realizada pola CE cos estados membros. Tampouco hai constancia de que o Goberno español tivese formulado unha alternativa perante a proposta de regulamento finalmente aprobado, que conciliase a protección dos ecosistemas mariños e as biomásas de peixes coa protección dunha actividade pesqueira que é estratéxica para territorios de alta dependencia da pesca como Galiza.

En definitiva, o impacto do novo regulamento imposto pola Comisión Europea supón unha ameaza de primeiro nivel que pode facer desaparecer este sector estratéxico tal e como o coñecemos, como advertiron xa publicamente tanto dende o propio sector como dende organizacións sindicais como a CIG.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción do seguinte ACORDO:

1. Instar a Xunta de Galicia a:

a) Convocar con carácter inmediato o Consello Galego de Pesca para organizar unha resposta unitaria de todo o sector do mar e de todo o tecido social do país (partidos políticos, organizacións sectoriais, sindicais, sociais, etc.) ante o grave golpe que supón a prohibición da pesca de fondo en 87 áreas do Atlántico nororiental, decretada pola Comisión Europea.

b) Defender á frota galega da pesca de artes de fondo esgotando todas as vías posíbeis e que de acordo co sector sen consideren.

c) Iniciar de inmediato o procedemento xudicial en contra da decisión da Comisión Europea.

2. Instar ao Goberno español a:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

- a) Despregar todas as accións que como estado membro poida exercer para lograr a anulación do regulamento imposto pola Comisión Europea.
- b) Esixir no inmediato a suspensión da entrada en vigor do regulamento”.

Acto seguido, intervén o Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, voceiro do grupo BNG, manifestando que esta medida é algo disuasorio para calmarnos un pouco. Tampouco imos a ser nos os que defendamos o arrastre, entre outras cousas polo xeito depredador desa arte de acabar co mar. Pero tamén entendo que calquera medida que pretenda tomar a Unión Europea en contra dos barcos do arrastre terá que ser estudada, facer un estudio económico, ver se os barcos se poden reconverter a outro tipo de arte e deixalos traballar, porque hai moita xente que depende desta arte, tanto no mar como en terra, e se pasades polas lonxas grandes como Vigo e A Coruña, son o mercado da importación, hai peixes de todas as partes do mundo.

Por iso nos queremos seguir adiante coa moción, pois entendemos que as políticas comúns, no contexto da flota, non está sendo xusta para o noso país, ninguén representa a pesca como ten que representala en Europa, non temos unha posición clara como galegos en Europa, entendemos que desde o Ministerio non nos defenden desa maneira. Desde o ano 1986 eramos a primeira potencia mundial en pesca, solo tiñamos que pasear polos peiraos da Coruña, mesmo no peirao de Fisterra e ver a cantidade de barcos que había, e a Unión Europea foi cascando todos, por cotas, tacs, regulamentos de control, etc.

Por iso consideramos que hai que seguir adiante coa moción, pois non entendemos que o goberno español ou a xunta tomen mais medidas, polo que non podemos quedar quietos.

Intervén o Sr. José Manuel Traba Fernández, voceiro do grupo Popular, manifestando que vexo que o BNG vai por libre. Se o que queremos é a unanimidade da corporación, que representa a todo o pobo de Fisterra, o que non pode ser e dicir, eu sigo adiante con isto.

Intervén o Alcalde -Presidente, Sr. José Marcote Suárez, manifestando que estas mocions non se presentaron sobre o tratamento xeral da pesca da Unión Europea, estamos tratando un caso concreto e a moción diríxese a ese caso concreto. Hoxe en día, os puntos da moción podemos consideralos extemporáneos, xa non ten sentido tratalos, pero debemos insistir en facer unha moción que diga que hai que seguir por ese camiño que está dando froitos.

Podemos estar de acordo no que comentas, pero defendes unhas cousas e ao mesmo tempo tampouco estás de acordo coa pesca de arrastre. Temos que saber o que queremos, e dicir as cousas claras, se a Unión Europea ten que prohibir a pesca de arrastre, pois hai que dicir que se prohiba a pesca de arrastre, xa que o BNG quere que se prohiba a pesca de arrastre.

O que trouxemos hoxe a pleno non ten nada que ver, ou ten moi pouco que ver, co que acabas de explicar agora. Nós entendemos que as mocions tal e como se



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

presentaron, hoxe en día non teñen sentido dados os últimos acontecementos. Vese que se está traballando na liña que se debe traballar, está dando os seus efectos e entendo que o máximo que podemos facer e instarnos para que sigan traballando, pois como ben dixo o ministro hoxe, isto é así, pero o recurso vaise presentar igual, xa que hai moitas cousas que non se incluíron dentro da rectificación de hoxe, polo que haberá que facer uns estudos, pois o recurso presentado baséase en que os estudos actuais non están suficientemente actualizados, nin están ben feitos, polo que deberíamos deixar a moción aí.

Nós imos votar en contra, por extemporánea, non por estar en contra, xa que nós temos unha moción moi semellante. O importante da política é acadar consensos, e pódense acadar, pero outras veces o consenso evítase.

Intervén o Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, voceiro do grupo BNG, manifestando que se agora non queredes, seguramente nun futuro acabemos cedendo. Pero a moción é o que se vai a votar, instar ao estado que poña en marcha os mecanismos oportunos para que isto cambie.

Intervén o Alcalde-Presidente, Sr. José Marcote Suárez, manifestando que se non somos capaces de acadar consensos en política é mellor que nos adiquemos a outra cousa, porque diso vai a política, de acordos. Entón, os consensos acádanse porque todos renunciamos a algo, para conseguir algo no que esteamos mais ou menos de acordo. Por iso, formular cuestións unilaterais, cando ao mellor hai un grupo político que é capaz de retirar a súa moción para intentar chegar a un consenso, polo tanto, nós non estaremos de acordo con quen non o faga así.

Intervén o Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, voceiro do grupo BNG, manifestando que eu entendo este asunto doutra maneira, nós presentamos esta moción porque o PSOE está no goberno central e o grupo socialista o que pretende é instarlle a Xunta a que faga as mesmas labouras que o goberno central. Nós instámoslle tanto a Xunta como ao goberno central. Agora mesmo hai dous partidos que non se queren sumar a moción, pero nun futuro pode haber tres partidos que se sumen ao consenso.

Acto seguido o Sr. Alcalde-Presidente, somete a votación a moción do BNG, sendo rexeitada por nove votos en contra (5 PP e 4 PSdeG) e dous votos a favor do grupo BNG.

4.2) MOCIÓN EN REXEITAMENTO DO VETO Á PESCA DE FONDO POR PARTE DA COMISIÓN EUROPEA

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente, manifestando que retira a moción do grupo socialista da orde do día, xa que se pretende realizar unha moción conxunta entre os tres grupos do pleno da corporación.

5º) RESOLUCIÓN DITADAS POLA ALCALDIA PARA COÑECIMENTO.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Para cumprir co establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía, que van do número 2022/G003/00000344 de 2/08/2022 ata a número 2022/G003/00000481 de 4/10/2022.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar ao turno de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde-Presidente, pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do pleno por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do día e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

FORA DA ORDE DO DÍA

1º) O Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, voceiro do grupo BNG, pide a palabra para presentar a moción de PEDIATRAS E MATRONAS, en nome do BNG, e se hai algún partido que se queira sumar, e explico porque a imos presentar.

A moción pasáronma o luns, e temos que entender que pediatras e matronas son un colectivo de nais, a maioría traballadoras e con nenos e nenas pequenos, que non poden estar a todo a tódalas horas. Confirmoume a presidenta que chamou varias veces ao concello e intentou falar co señor alcalde e ao final pasárona comigo, e despois mandoume a moción.

Despois de lela, o primeiro que pensei foi que a presentaran eles e poder debatela no pleno, porque ao final pasa o de sempre, se a presenta o BNG é unha moción do bloque, e nós o que queremos e que se acade o consenso de todos.

Pero despois de que presentaran esa moción, fun a falar co secretario accidental e díxome que as Mocións non as poden presentar Plataformas nin Asociacións, as mocións solo as poden presentar os grupos políticos. Entón foi cando a asumimos como propia, para que puidera chegar ao pleno.

Nós entendemos que hai que presentala porque ao mellor chega a ILP primeiro que o acordo do pleno ao parlamento. Non sei a marcha que teñen as firmas e entendemos que ten que haber o máximo número de concellos aprobando esta medida, como entendemos que non teñan que vir outro día a debater este asunto outra nai, porque hoxe está Francesca representando as nais, xa lle foi complicado vir, igual outro día non poden.

Xa sabedes como andan co tema das firmas, tamén están pedindo poñer as firmas en tódolos concellos, para que poida asinar mais xente. Por iso nós entendemos que a moción hai que debatela, queremos poñela por urxencia, douvos tempo a lela a todos, e xa pasou mais veces, temos presentado mocións no mesmo tempo que esta, debatéronse e saíron adiante, e non hai ningún no cárcere pola ilegalidade que se puidera cometer a hora de non poder vela moción.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Incluso unha vez se presentara unha moción verbal pola vía de urxencia, por iso pedimos que se inclúa esta moción por urxencia, que se debate e que se lle dea a palabra a voceira de pediatras e matroas, para expoñer a moción, e se se quere presentar conxuntamente por nós non hai ningún problema.

Intervén o Alcalde-Presidente, Sr. José Marcote Suárez, manifestando que o primeiro que hai que facer e xustificar a urxencia. Evidentemente, presentáronse moitas mocións en pleno pola vía de urxencia, e despois desta vaise presentar outra moción e vaise xustificar a urxencia.

Aprobar mocións pola vía de urxencia é un caso excepcional e hai que aprobar a urxencia, non se trata de xustificar a urxencia de calquera maneira e votamos, creo que hai que ser mais serios e hai que cumprir os requisitos e a normativa di:

“El Alcalde-Presidente, por razones de urgencia debidamente motivada podrá incluir en el orden del día a iniciativa propia o de otro grupo

Haberá que votar se está motivada, votase para poder incluíla na orde do día e despois votase a moción. Eu que son o que teño que motivar a urxencia de metela, non a vexo.

Intervén o Sr. José Manuel Traba Fernández, voceiro do grupo Popular, preguntando ¿e porque foi presentado a aceptación de Moción por parte do BNG antes que o escrito da plataforma? O escrito do BNG ten o numero 2013 e o escrito da plataforma ten o 2014.

Intervén o Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, voceiro do grupo BNG, manifestando que o noso escrito presentouse despois da Moción. Primeiro presentouse o escrito da plataforma no rexistro de entrada, fun falar co secretario accidental e cando me dixó que unha plataforma non podía presentar unha moción foi, cando se presentou o escrito de BNG asumindo como propia esa moción para poder tratala en pleno.

Intervén o secretario – accidental manifestando que evidentemente tivo que ser un erro dos servizos administrativos encargados do rexistro de entrada de documentos.

Intervén o Sr. José Manuel Traba Fernández, voceiro do grupo Popular, manifestando pois sendo do mesmo goberno, o mais normal sería que cando subistes a facer o escrito, pararas a falar co alcalde e lle dixeras, mira trouxéronme isto, que facemos? E non apropiarse.

Intervén o Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, voceiro do grupo BNG, manifestando que eu non me apropié, eu nin sequera sabía que o alcalde estaba arriba, eu creo que foi o martes e ese día non estaba o alcalde.

Intervén o Alcalde-Presidente, Sr. José Marcote Suárez, manifestando que ese día estaba. Ademais, eu non o entendo, xa que se o penso seriamente, teño que tomalo a mal, xa que penso que o BNG ven aquí a colgarse unha medalla como o único que defende a sanidade neste pais.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Eu mirei no rexistro a ver cando se rexistrou esta moción e ao ter a mesma data, mirei a hora e resulta que asino o decreto un minuto despois de se presentar esta moción. Entón, en vez de facer todas estas historias, porque non subes a onde está quen ten que facer a orde do día e dislle, mira hai isto, que costaba cinco minutos ler a moción e podíamos poñela na orde do día. E non costaba tanto traballo facer as cousas ben. Pois a moción vai a quedar aquí por non facer as cousas ben. E por non facer as cousas ben, non podemos aprobar unha moción coa que estamos de acordo. A plataforma presenta unha moción e ti que eras o que tiña que saber como facer as cousas, falas mal, e a culpa aínda vai ser nosa.

A moción vaise traer ao vindeiro pleno e aprobarase, pero será facendo as cousas correctamente. Dito isto, o Alcalde considera que a moción de Pediatras e Matronas non é urxente, porque dicir que é urxente e faltarlle o respecto a esa cámara que temos aí diante, e iso eu non o vou a facer nunca, a moción traerase ao vindeiro pleno na que pode ser aprobada e vai facer o mesmo efecto, e así se vai facer.

Intervén o Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, voceiro do grupo BNG, manifestando que se se trae a moción ao vindeiro pleno, nós votaremos a favor aínda que non faledes con nós. Nós en ningún momento nos quixemos apropiarse da moción. Aquí o único problema que vexo é que Pediatras e Matronas púxose en contacto co BNG para tratar esta moción.

Intervén o Alcalde-Presidente, Sr. José Marcote Suárez, manifestando que non, o problema non foi de Pediatras e Matronas, eles fixérono con toda a boa intención do mundo, o problema foi voso, os que non obraron ben, fostes vós, ti tiña que falar comigo. Eles non, eles poden dirixirse a calquera grupo político, pero ti sabes que quen fai a orde do día son eu. E ti tesme que dicir, Pepe, hai isto, póñeo na orde do día. E poñémolo, o que non pode ser é metelo na orde do día, sen o meu coñecemento.

Intervén o Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, voceiro do grupo BNG, manifestando que en mais de sete anos que levo como concelleiro aquí, nunca lle presentei unha moción ao alcalde para que a incluíra na orde do día. Rexístroa no concello e ata o día de hoxe foron todas a pleno. Esta é a primeira vez que pasa esto.

Intervén o Alcalde-Presidente, Sr. José Marcote Suárez, manifestando que tamén é a primeira vez que se presenta unha moción 1 minuto antes de asinar o decreto de convocatoria e eu non teño coñecemento desa moción. Acabo de asinar unha orde do día na que están incluídas dúas mocións e cando me chega a documentación resulta que hai tres mocións. Houbo un erro, non hai problema, corríxese para o vindeiro pleno.

Intervén a Sra. Teresa Fernández Martínez, manifestando que esta moción non é do BNG e unha moción da plataforma e o que queremos votar é a urxencia. Estas dicindo que non está na orde porque non a vistes, e ti tes a competencia para incluír a documentación a tratar na orde do día. Noutras ocasións houbo mocións que se trataron fora da orde do día e agora o que se pide e que se vote a urxencia.

Intervén o Alcalde-Presidente, Sr. José Marcote Suárez, manifestando que para esta alcaldía non se xustifica a urxencia, polo que non procede a súa votación. A



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

responsabilidade de decidir si algo é urxente ou non é miña, e neste caso eu non vexo xustificada a urxencia desta moción.

Intervén o Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, voceiro do grupo BNG, manifestando que eu quero desculparme ante a Plataforma Pediatras e Matronas, dicíndolles que todo o que fixemos, fixémoslo por ben, non fixemos nada para apropiarnos de nada e estaremos aquí para o que precisades, tanto sexa recoller firmas como apoiarnos nas mobilizacións que fagades por aí, sabédelo ben. Esperemos que o resto de grupos tamén estean, e nada, cada un que tome as súas propias conclusións porque nós non imos falar nada mais do asunto.

Intervén o Alcalde-Presidente, Sr. José Marcote Suárez, manifestando que non vos preocupedes, nós tamén estamos de acordo con vós, estamos de acordo con todo, non é culpa vosa, facer as cousas ben, era cuestión deles, e a moción vaise aprobar, e ao mellor por unanimidade, pero hai que facer as cousas ben. O pleno representa a todos os cidadáns deste pobo, e temos unha responsabilidade de facer as cousas ben, non estamos aquí para facer trapalladas. Hai que facer as cousas ben e neste caso non se fixeron ben, polas razóns que sexan. Pudo ser unha equivocación, non tivo porque haber mala intención, en ningún sentido, e ao non facelas ben, pois encontrámonos que hoxe non a podemos aprobar, simplemente por iso, pero estamos de acordo con ela, e estamos con vós, na vosa loita, e sempre o estivemos.

Intervén o Sr. Santiago Insua Esmorís-Recamán, concelleiro do grupo Popular, manifestando que se é problema de firmas e de prazos, pois convocase un pleno extraordinario.

Intervén o Alcalde-Presidente, Sr. José Marcote Suárez, manifestando que sen ningún problema. É dicir, se tendes algún prazo que esixa que esta moción se teña que presentar nunha data concreta, decídelo e convócase un pleno extraordinario e apróbese a moción, pero facémolas cousas ben.

2º) Intervén o secretario accidental, para manifestar que é necesario realizar unha Modificación Orzamentaria, a número 18/2022, por importe de 52.500,00 €, para incrementar partidas relacionados coa enerxía eléctrica.

Intervén o Alcalde-Presidente, Sr. José Marcote Suárez, manifestando que antes de nada hai que xustificar a urxencia, e a urxencia non é outra que hai que pagar a luz e non hai cartos consignados nas partidas orzamentarias correspondentes e para o mes que ven van a chegar as facturas, polo que se declara a urxencia deste punto.

Intervén o Sr. José Manuel Traba Fernández, voceiro do grupo popular, manifestando que ao se tratar dun económico, imos apoiar a tramitación do expediente.

Declarado de urxencia, polo Sr. Alcalde-Presidente, ratificada a mesma por unanimidade dos asistentes, o pleno da corporación procede a tratar o seguinte punto:

PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 18/2022, NA MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CREDITO, CON CARGO AO REMANENTE DE TESOURERÍA, POR IMPORTE DE 52.500 €



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

EXPEDIENTE: 2022/T002/000018

Visto o estado de execución do orzamento en vigor, faise necesario complementar certas partidas para dispoñer de crédito suficiente co que afrontar o tramo final deste exercicio económico, sobre todo no que toca co gasto nas aplicacións orzamentarias referidas á enerxía eléctrica.

Ante a existencia de gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte para os que o crédito consignado no vixente orzamento da corporación é insuficiente e non ampliable, e dado que se dispón de remanente de tesourería para gastos xerais segundo os estados financeiros e contables resultantes da liquidación do exercicio anterior, o Sr. Alcalde-Presidente propuxo a concesión dun suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais.

Visto que con data 6/10/2022, emitiuse a Memoria do Sr. Alcalde na que se especificaban a modalidade da modificación de crédito, a financiación da operación e a súa xustificación.

Visto que con data 6/10/2022, emitiuse informe pola secretaría accidental sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto que con data 6/10/2022, emitiuse informe pola intervención accidental polo que se informou favorablemente a proposta da Alcaldía e, coa mesma data, elaborouse o informe de intervención accidental sobre o cálculo da estabilidade orzamentaria.

De conformidade co disposto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, **o Pleno da Corporación, por 6 votos a favor, (4 PSOE e 2 BNG) e cinco (5) abstencións do grupo Popular, adopta o seguinte**

ACORDO

1º) Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos número 18/2022, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo ao remanente líquido de Tesourería resultante da liquidación do exercicio anterior, por importe de **cincuenta e dous mil cincocentos euros** (52.500,00 €), co seguinte detalle:

Suplemento en aplicación de gastos

APLICACION		DESCRICIÓN	CREDITOS INICIAIS	SUPLEMENTO CREDITO	CREDITOS FINAIS
PROGR.	ECONO.				
160	221.00	Enerxía Eléctrica	70.000,00 €	35.000,00 €	105.000,00 €
165	213.00	Maquinaria, instalacións, utilidade	10.000,00 €	10.000,00 €	20.000,00 €
165	221.00	Enerxía Eléctrica	35.000,00 €	5.000,00 €	40.000,00 €
324	221.00	Enerxía Eléctrica	6.000,00 €	2.500,00 €	8.500,00 €
		TOTAL	121.000,00 €	52.500,00 €	173.500,00 €

Esta modificación financíase con cargo o Remanente de Tesourería do exercicio anterior, nos seguintes termos:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Suplemento en Concepto de Ingresos

Aplicación Económica			Descrición	Euros
Cap.	Art.	Conc.		
870	00		Remanente de Tesourería para gastos xerais	52.500,00 €
			Total	52.500,00 €

Ademais queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.

b) A insuficiencia no estado de gastos do orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

2º) Expoñer este expediente ao público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de quince días, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerárase definitivamente aprobado, si durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

6º) ROGOS E PREGUNTAS

- O Sr. José Manuel Traba Fernández, voceiro do grupo Popular pregunta: O Pavillón Polideportivo Municipal, está en uso?

- O Alcalde-Presidente, Sr. José Marcote Suárez, contesta que non. Se hai algunha cousa moi necesaria, dada a climatoloxía que estamos tendo, xa que non vai caer abaixo, pero se hai vento aínda hai mais risco fora que dentro, o perigo está nos laterais. Os rapaces do instituto están usando o polideportivo baixo a súa responsabilidade e tendo en conta as condicións climatolóxicas, pero en xeral non estamos permitindo o uso do pavillón polideportivo.

- O Sr. José Manuel Traba Fernández, voceiro do grupo Popular pregunta: Para cando está previsto que comecen as obras do Pavillón Polideportivo?

- O Alcalde-Presidente, Sr. José Marcote Suárez, contesta que nós aprobamos a nosa Modificación Orzamentaria para incrementar a aportación municipal. No mes de outubro vai ir a pleno a Modificación Orzamentaria da Deputación para aprobar a aportación provincial e no vindeiro pleno que haxa na Deputación, seguramente un extraordinario en novembro, aprobarase o proxecto. En canto se aprrobe o proxecto



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

trataremos de asinar o convenio o mais pronto posible e comezar a licitar as obras en novembro.

- O Sr. José Manuel Traba Fernández, voceiro do grupo Popular pregunta: Hai previsto algún plan, algún cronograma para pavimentación de pistas do rural? O inverno está chegando e as pistas van a peor.

- O Alcalde-Presidente, Sr. José Marcote Suárez, contesta que tiñamos un plan, era un plan de Deputación para aqueles concellos que non teñan estradas da Deputación, pero aínda non salíu ese plan. Das actuacións que temos previsto incluír nese plan, é posible que fagamos algunha parte con fondos propios. Por exemplo, en Padrís podemos facer actuacións con fondos propios aproveitando o remanente. Igual coa pista que vai do Vispo a Ermedesuxo de Arriba.

- O Sr. José Manuel Traba Fernández, voceiro do grupo Popular pregunta: O vindeiro pleno toca o día 8 que é festivo, entón cando se vai facer o 7 ou o 9?.

- O Alcalde-Presidente, Sr. José Marcote Suárez, contesta que cree que a normativa di que é o día despois, polo que será o día 9, pero podemos adoptar aquí a decisión de facelo cando nós queiramos.

- O Sr. José Manuel Traba Fernández, voceiro do grupo Popular pregunta: Vai haber iluminación de nadal? Hai concellos que din que por aforro non vai a poñer a iluminación de nadal.

- A Sra. Teresa Fernández Martínez, concelleira do grupo BNG, contesta que si, claro que vai haber iluminación de nadal.

- O Alcalde-Presidente, Sr. José Marcote Suárez, contesta que a nosa iluminación de nadal faise con luces led, polo que non debería ter un custo enerxético excesivo.

- O Sr. José Manuel Traba Fernández, voceiro do grupo Popular pregunta: Como vai o tema das cámaras. Ao mellor hai que poñer un cartel máis grande ou poñelo máis alto?

- O Alcalde-Presidente, Sr. José Marcote Suárez, contesta que é máis disuasorio que o sistema anterior. Hai moito despistado, pero por sorte, temos 48 horas para que xustifiquen o acceso sen permiso. Sobre a colocación do cartel podemos miralo.

- O Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, concelleiro do grupo BNG contesta que o cartel pódese ver perfectamente. É posible que sexa un pouco difícil ver o tamaño das letras dos horarios, pero o tamaño da sinal é o correcto.

- O Sr. José Manuel Traba Fernández, voceiro do grupo Popular pregunta: Hai queixas dos pais e nais de Sardiñeiro porque hai ratas e avespas velutinas no parque.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

- O Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, concelleiro do grupo BNG contesta que mañá vai ir a pala e vaise limpar toda a ramallada, e as avespas se non se controla o niño non tes nada que facer. Haberá que podar as árbores, pero disque as avespas poden ir ata 3 quilómetros, a saber onde están os niños. Tamén hai velutinas na Anchoa, onde se fai a festa folk, pero non están aí os niños.

- O Alcalde-Presidente, Sr. José Marcote Suárez, contesta que o importante é abrir o río para que non se estanque a auga e podar as árbores.

- Intervén a Sra. Jenifer Suárez Silva, concelleira do grupo popular, manifestando que tamén hai que actuar na estrada que baixa a praia.

- O Alcalde-Presidente, Sr. José Marcote Suárez, contesta que esa estrada xa está incluída nun plan, xa temos o proxecto feito e imos a facer o proxecto da outra parcela, onde se encontran os aparcamentos e o bombeo, resulta que esta parcela ten unha cesión feita, pero en catastro aínda non se reflexa esa cesión. Entón a Deputación o primeiro que che pide é a dispoñibilidade dos terreos e de momento non podemos certificar este punto, os informes sectoriais si que poderíamos presentalos a posteriori, pero xa estamos traballando na dispoñibilidade dos terreos.

- O Sr. José Manuel Traba Fernández, voceiro do grupo Popular pregunta: Que pasou coas placas solares da casa do concello.

- O Alcalde-Presidente, Sr. José Marcote Suárez, contesta que antes de facer o proxecto falamos con Patrimonio e díxonos que si, e despois cando lle mandamos o proxecto dixo que non.

Patrimonio non nos enviou o informe por escrito, polo que non temos un documento que nos diga porque non podemos poñer placas solares. E un problema que un casco histórico estea condenado a non poder poñer placas solares. Iso que nos dixémoslle que se iban colocar na baixada do teito que non se ve desde o camiño de Santiago. Eu creo que aínda están vendo eles o asunto, e de momento non o teñen claro.

Agora estamos vendo outras posibilidades, como poñer mais placas na zona do campo de fútbol, para alimentar o campo de fútbol e o pavillón.

O Sr. José Manuel Traba Fernández, voceiro do grupo Popular, manifesta que recorda que cando se propuxeron poñer na caso do concello as galerías, incluso se lle mandaron fotos a Patrimonio de como era esta edificación, e non houbo maneira de que o permitiran.

E non tendo mais asuntos dos que tratar o Sr. Alcalde - Presidente, levanta a sesión sendo as 21:10 horas, do que, como secretario - accidental, dou fe.